



## Vacunación

Solicitamos reunión con saúde pública e información tanto sobre as incidencias aínda non resoltas como sobre o profesorado maior de 55 anos logo do cambio de Sanidade ao respecto da subministración da AstraZeneca para menores de 65 anos. **Trasladarán a solicitude da reunión.**

## Oferta de emprego público 2021

Estamos a mediados de marzo e seguimos sen ter novas da oferta de emprego público que se sumará á de 2022. **Non achegan ningunha información**

## Mestrados nas Universidades Públicas

Vimos de facer público un informe que confirma que a oferta é moi inferior á demanda: só un de cada catro alumnos ou alumnas pode acceder a estes mestrados no SUG. É a propia Xunta a que limita a oferta e debe mover ficha para evitar que moito estudantado quede sen poder matricularse nas universidades galegas. **Non contestan**

## Denegación de licenzas por asuntos propios en varias especialidades

Informóusenos de que se ía limitar este dereito a determinadas especialidades e sabemos que a Consellaría xa comunicou ditas especialidades ás xefaturas territoriais e queremos que se fagan públicas. Estamos en desacordo con esta medida. Só se pode entender unha negativa por cuestións de servizo excepcional que, no caso das listaxes de substitución, pode darse cando unha lista se vai esgotar e non hai tempo para abrila. Mais con tanto tempo de antelación non se pode falar de excepcionalidade. **Descoñecían a situación, pero informáronse.**

## Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica ou Plan para reducir docentes e ampliar ratios?

Detrás de tan pretencioso nome non sabemos dos traballos previos encargados pola Consellaría a un equipo técnico privado para presentarlle propostas á Xunta de cara a acondicionar os centros para o curso 2021/22 e así eliminar os actuais desdobres. Obras como a eliminación de tabiques fixos e a colocación de

tabiques móbiles acústicos, que supostamente limitarían que pasen rúidos dunha aula a outra, para conseguir unha redución de aulas e docentes que nalgúns centros podería ser moi relevante. A CIG-Ensino considera esta medida como un novo paso atrás. Para o sindicato as medidas a tomar, sempre coas cautelas sanitarias e de protección da saúde por diante, deben reforzar os grupos reducidos, e sen que en ningún caso empeore a situación actual. Tamén neste sentido, **gustaríanos saber se nese plan aparece a construción de comedores escolares nos centros novos ou un plan de reforma nos actuais para dotalos deste servizo**, demandando por sindicatos como a CIG-Ensino mais tamén por especialistas en nutrición e saúde da propia Xunta. **Non se pronuncian.**

## Novos ROC

Preguntamos polo situación actual deste borradores e queremos saber se os diferentes tipos de ensinanzas van ter o seu e se todos van ser reformados ou non (ensinanzas de réxime especial, etc.). Cal é a previsión da Consellaría para que pasen polos diferentes órganos e entren en vigor? **Están traballando neles, non teñen datas nin confirman que poidan entrar ou non para o vindeiro curso.**

## Exames libres nas EOI

Preocúpannos as datas previstas (1 e 2 de xullo) pola coincidencia coas oposicións, tanto do funcionariado interino que participa como do de carreira que terá que estar nos tribunais. Tamén insistimos na preocupación pola falta de profesorado para corrixir o inxente número de exames destas probas, sobre todo de galego e inglés, así como das diferenzas na dotación entre diferentes escolas. **Toman nota da nosa demanda e confirmar que pode haber problemas en Galego e Inglés e que van revisar o tema aínda que non se comprometeron.**

## Nova orde de elección de direccións

Estamos á espera de que se traia á Mesa. A Consellaría dixo que viría a finais de marzo. **Volven repetir que virá pronto á mesa.**

## Licenzas por formación

Pedimos explicacións no último trimestre do curso pasado sobre as licenzas por formación concedidas e non gozadas. Agora incidimos sobre a necesidade de facer unha convocatoria e de executar a anterior, especialmente pola carencia de materiais adaptados a actual situación. **Din que está previsto que existan, pero non dá prazo algún. Son coñecedores do problema do profesorado do ano pasado, non garante que sexan incluídas na nova convocatoria.**

## CUESTIÓN VARIAS RELACIONADOS COA FORMACIÓN PROFESIONAL

- ★ Solicitamos información sobre os cambios previstos na rede de CIFP, tanto das previsións de transformación dos centros que xa anunciou a Consellería como doutros que se poidan prever, como é o caso do IES Frai Martín Sarmiento ou do IES Fragas do Eume. **Confirma que revisaron varios casos en diferentes vilas e cidades que foron desbotados, cando menos de momento, polas implicacións que ten na oferta de ESO e Bacharelato ou polas necesidades de obras que non se poderían executar en prazo para o curso que vén. Confirman que para o curso está decidido que se transformen en CIFP o IES Leixa (Ferrol), o IES Fragas do Eume (Pontedeume) e o IES Universidade Laboral (Culleredo) e que continuarán con esta conversión noutros centros segundo interpreten que é necesario ou posíbel. Diante da nosa insistencia sobre os efectos no caso de Bremao sobre a oferta actual (desdobres..), o secretario xeral indica que teñen un informe da dirección no que se constata que pode acollerse a todo o alumnado. Desde a CIG-Ensino consideramos que unha boa medida como pode ser o incremento da oferta de FP non pode derivar en empeorar o que se fai no IES e que non é cuestión de que haxa espazo para acoller o alumnado desprazado senón de ver se as melloras que poidan existir se manteñan.**
- ★ Que sabemos das prazas a suprimir de FOL no CIFP A Xunqueira. Soubemos da intención suprimilas cando o departamento descoñecía esta pretensión. De feito unha resulta non se cubriu no CXT. **O secretario xeral di descoñecer a situación, que se vai informar.**
- ★ No IES Ricardo Mella de Vigo e no CIFP A Carballeira de Ourense, ao alumnado que está a cursar o ciclo de **Atención sociosanitaria** e o de **Coidados auxiliares de enfermaría** pola modalidade **dual**, non lles están a permitir acudir aos centros cos que estaba asinado o convenio para realizar a formación (DomusVi). Terían que ter empezado o día 1 de marzo e polo visto non hai autorización para que

esta formación se realice. Cal é a solución que propón a Consellería? **Isto xa foi trasladado na mesa do 16 de marzo, temos algunha novidade? Fixeron xestións e xa está solucionado.**

- ★ **Denunciamos a redución na oferta de FP que se vai sabendo aos poucos e demandamos información sobre os cambios previstos.** Os centros que imparten ciclos formativos de FP enviaron a solicitude de novos ciclos para impartir nos seus centros, pero descoñecen cal é a intención da Consellería e queren saber cando van ser informados das decisións sobre a autorización das novas ensinanzas ou a supresión dalgunha. A este respecto preguntamos concretamente polo ciclo Ciclo superior de Sistemas de telecomunicación e informáticos no **IES Gregorio Fernández de Sarria** ou polo ciclo Programación da produción en moldeamento de metais e polímeros no **IES Illa de Sarón**. Falamos de **oferta modular completa** e que pasará para o ano a ser ofertado en cursos alterno. **Din non ser coñecedores ao detalle dos centros nomeados e que están traballando na oferta e non a teñen rematada; aventuran a posibilidade dunha redución da demanda mais din que se van informar.**
- ★ Demandamos información concreta da "**nova Estratexia Galega da FP 2021-25**" que anunciou o conselleiro que se presentaría esta primavera. O normal sería presentarlle a todos os sectores interesados e, desde logo, a CIG-Ensino si o está. **Non din nada.**
- ★ Preguntamos como vai influír a **asunción das competencias da formación para o emprego por parte de Educación** e en que medida se van realizar os procedementos de acreditación de competencias profesionais que avanzou o Ministerio nos centros públicos de FP regrada en Galiza. Como se vai artellar e se vai ser o profesorado dos CIFP e dos IES o encargado de realizar este procedemento en maior medida (xa se viña realizando agora pero non ao nivel do que se pretende con este novo plan do ministerio). **Será unha nova convocatoria que recolla as modificacións do Real Decreto a que regule estes procedementos.**
- ★ Consultamos se vai haber convocatoria de **estadías formativas do profesorado de FP** en empresas para este verán. **Non informan.**